

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2022/11

DATA: xoves 13 de outubro de 2022

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:07 h

HORA DE REMATE: 20:50 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

TOBIAS BETANZOS REGO

RAQUEL GARCIA ABUIN

PP

FRANCISCO RUBIO VICENTE

GERMAN ALLUT VIDAL

MARIANO JOSÉ MOARES RIAL

PSdeG-PSOE

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

Rianxo en Común-SON

JULIAN BUSTELO ABUIN

JULIO ALCALDE HERMO

Ciudadanos

SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP

ALICIA CAROU ROMERO

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 450.611 exp. 2022/G010/000011

ORDE DO DÍA

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2021

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

3fd5b36b66f25395d1caa7c5b881cd14ebfea09382f559cbcd4428ab

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=fxqjfn-SaxM>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urxencia da sesión ven dada pola presentación CONTA XERAL 2021. co fin de remitila ao antes do 17/10/2022 ao Consello e ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización, de acordo os artigos 212 e 223 do texto refundido da Lei das Facendas Locais

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a urxencia.

2 APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2021

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2022/T017/000001

O expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo de 2021 consta elaborado, de acordo coas normas incluídas na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, que comezou a aplicarse na contabilidade deste ano. A Intervención Municipal emitiu o seu informe a este documento o 11/08/2022.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 450.611 exp. 2022/G010/000011

O 14/09/2021 a Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente a Conta Xeral, despois de que transcorrese o prazo de 15 días hábiles desde a súa posta a disposición, de acordo co artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

O 16/09/2021 publicouse no BOP núm. 177 e no taboleiro da sede electrónica municipal, o anuncio de exposición pública da Conta Xeral, data a partir da cal iniciouse o período de exposición pública de 15 días hábiles para a presentación de reclamacións, reparos ou reclamacións.

O 07/10/2021 rematou o período de exposición pública sen que se prestasen alegacións, de acordo co certificado da Secretaría do 10/10/2021, polo que non é preciso un novo ditame da Comisión Especial de Contas.

Polo tanto, o trámite seguinte é o da súa aprobación plenaria segundo o artigo 212.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, co fin de remitila ao órgano de control externo antes do 17/10/2021.

Á vista dos antecedentes, PROPOÑO

PRIMEIRO

Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO

Unha vez aprobada, remitirla ao Consello e ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización, de acordo cos artigos 212 e 223 do texto refundido da Lei das facendas locais.

TERCEIRO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para proseguir cos trámites de remisión ao Consello e ao Tribunal de Contas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.